

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, IMPULSO E FORMACIÓN PARA O EMPREGO DA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA VINTE E TRES DE MAIO DO ANO DOUS MIL VINTE E CINCO

ASISTENTES

PRESIDENTE:

D. Javier Tourís Romero

SUPLENTE :

D. Marcos Guisasola Padín

V O G A I S :

D. Rafael Domínguez Artime

D. Jorge Cubela López

Dna. Belén Cachafeiro Anta

Dna. María Pilar Ramallo Vázquez

D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso

D. Jesús Vázquez Almuíña

Dna. María Nava Castro Domínguez

D. Paco Ferreira González

D. Javier Iglesias Mougán

Dna. Digna Rosa Rivas Gómez

D. Gregorio Luís Agís Gómez

Dna. Nuria Rodríguez Rodríguez

D. Gorka Gómez Díaz

D. César Mosquera Lorenzo en sustitución
de Dna. Beatriz Lomba Rodríguez

Dna. María Ortega Iñarrea en sustitución de

Dna. María Manuela Rodríguez Pumar

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as doce horas e corenta e cinco minutos do día vinte e tres de maio do ano dous mil vinte e cinco, reúnen-se baixo a presidencia de D. Javier Tourís Romero, os/as señores/as deputados/as que á marxe se relacionan, membros da dita Comisión convocados coa correspondente orde do día.

Actúa como secretario, por delegación do secretario xeral da Deputación de Pontevedra, Manuel Corujo Castro, xefe do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.

Aberta a sesión por parte da Presidencia pásase ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día.



1. Aprobación do borrador da acta da anterior sesión ordinaria, do vinte e un de abril de 2025.

Por unanimidade dos asistentes apróbase a acta da anterior sesión ordinaria, do vinte e un de abril de dous mil vinte e cinco.

2. Dar conta da 16ª e da 17ª mobilidade do proxecto Erasmus+ 2023 (Exp.2023003512).

A Comisión queda enterada.

3. Dar conta da 3ª mobilidade do proxecto Erasmus+ 2024 (Exp. 2023073909).

A Comisión queda enterada.

4. Rogos e Preguntas.

O deputado, D. César Mosquera Lorenzo, pregunta os motivos polos que se retirou o proxecto “PONTE LABORAL” presentado na Comisión do mes de xaneiro. A Presidencia comunica que se lle dará resposta por escrito.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, cando son as doce horas e cincuenta minutos do expresado día, do que eu, secretario, dou fe.

(Asinado dixitalmente ao marxe)

